

A LINGUA NUNHA NORMALIZACIÓN «BILINGÜÍSTICA»

Carles Segura i Llopes¹
Departament de Filologia Catalana, Universitat d'Alacant²

Fálase, quizais de máis, polo menos por estas latitudes, de cómo se está levando a cabo o proceso de normalización lingüística das linguas do estado español que foran marxinadas ata non hai moito. A propia Constitución española obriga a cada cidadán a ser incondicionalmente e coma mínimo monolingüe en castelán; evidentemente pódese ser bilingüe, trilingüe ou o que se queira chegar a ser e nas linguas que se desexe. Nas zonas ás que se lles recoñece *outra* lingua propia, calquera ten todo o dereito a expresarse nesta segunda lingua periférica onde queira e cando queira; ademais, ten dereito a non ser discriminado na administración por empregala, aínda que non sempre está de todo claro que deba ser atendido nela. Agora ben, isto, que individualmente, non ten volta de folla xa que se pode vivir, en teoría, perfectamente de xeito monolingüe, non é o que a realidade social expón. A pesar disto, hai quen pensa que unha normalización lingüística é unha anormalidade democrática (Jardón, 1993), que se converte nun xeito de coarta-la liberdade individual das persoas. Non fai falla que lembremos de novo que só aquel que se atopara a gusto nunha determinada conxuntura –e sabe que o beneficia– é o que pide deixar que os acontecementos discorran “naturalmente”. A historia non é un curso natural, é un discorrer connaturalmente artificial e, por iso, gozamos da capacidade de, polo menos, intentar transformala e moldeala, que non manipulala, segundo as nosas conviccións.

Nesta panorámica institucional bilingüística, desprovista de equilibrio, paralela, ademais, á carencia de estabilidade de calquera sociedade bilingüe non territorial, queremos investigar cómo reacciona a lingua, os seus aspectos internos, as súas estruturas, o seu léxico e os seus sons. Certamente, é necesaria a estabilización social da lingua minorizada, pero tamén resulta interesante coñecer qué reflexo produce esta situación na forma da lingua que se pretende normalizar e qué consecuencias e reflexións podemos extraer disto.

En calquera caso, somos ben conscientes de que, aínda que as institucións políticas e administrativas conseguiran o difícil e sempre discutible e controvertido equilibrio nas súas actuacións respecto á lingua minorizada –da que agora non imos formular ningunha nova

¹ Departament de Filologia Catalana da Universitat d'Alacant, Carretera d'Alacant, s/n, Sant Vicent del Raspeig, 03690; Tel. 590 3410, Fax 590 9330; Carles.Segura@ua.es

proposta–, a sociedade tanto catalana e valenciana (como tamén a galega) non amosa unha homoxeneidade e harmonía paradisíaca en canto ó coñecemento e uso da lingua minorizada e tradicional (Lamela, 1988; Álvarez, 1988). Unha política nefasta, levada a cabo durante moitos anos, unha emigración moi elevada que, pola súa cantidade e polo momento e situación ideolóxica en que chegou, non acadou integrarse completamente, e outros ingredientes engadidos ou sobrevividos, xeraron un contexto social onde o concepto e aplicación dunha normalización lingüística é mais que polémico.

Pero mentres haxa un grupo na poboación que pida exercer-los seus dereitos lingüísticos, cremos que é lícito proporcionárllelos de xeito digno. Loxicamente, non presentamos esta afirmación coma o noso concepto ideal de normalización pero é a demanda mínima para investiga-lo xeito de acadar neles un bilingüismo equilibrado; e acadalo semella implicar máis que unha materia de tres horas semanais, ou un ensino parcialmente vehiculado na lingua minorizada.

Centrémonos, como indicabamos antes, nos aspectos puramente estruturais e formais da lingua.

1. Poderíase pensar e xustificar que hai, polo menos, tres niveis destacados que se poderían perseguir nunha normalización, no noso caso, necesaria e constitucionalmente bilingüe: o das formas que toma a lingua ó longo do proceso, modificándose ou ratificándose as tradicionais e engadíndose novas vidas da divulgación da normativa; en segundo lugar, o da calidade lingüística que buscaría acadar un grao equilibrado de bilingüismo e de bilingüidade; por último, o da modificación das actitudes cara ó concepto e uso de cada lingua. Loxicamente serían obxectivos que terían que acadarse simultaneamente, discorrendo paralelos, por exemplo, nos currículos escolares. Agora ben, quizais o aspecto que máis doadamente se pode *comezar* a modificar dunha lingua é, precisamente, a súa forma, a súa superficie; e segundo se vexa máis ou menos deformada, gracias ós medios de que dispón o poder para potenciala, se presentarán estes máis ou menos eficaces. Os aspectos actitudinais resultan moito máis lentos na súa evolución. En cambio, a bilingüidade equilibrada sería un fito que, con este método, sería difícil dabondo de acadar.

Así pois centrarémonos fundamentalmente na superficie da lingua. Se observamos alí escasa ou nula tendencia ó cambio, non podemos agardar moito que se acade un xiro nas actitudes cara a ela e menos unha bilingüidade equilibrada.

² Dóulle-las gracias ós meus amigos Beti e Anxo, ó meu amigo e profesor da Universidade de Alacante, Vicent Beltran, e ó profesor de Lingua e Literatura Galegas da mesma universidade, Xavier Carro, por ler e corrixi-la comunicación e animarme a facela na lingua desta terra.

2. Coma obxectivos deste traballo, propuxémonos, pois, facer un sondeo para investigar qué nivel de aceptación e qué grao de permeabilidade ten na poboación, sobor de todo na infantil, a variante normativizada do catalán, despois de máis de unha ducia de anos de escolarización co catalán coma materia ou coma lingua vehicular e de varios anos con medios de comunicación, fundamentalmente audiovisuais, con toda ou parte da súa programación desenvolvidos en dita lingua¹. Igualmente era necesario ser conscientes da vitalidade dos trazos lingüísticos das xeracións vellas, tanto os xenuínos coma os que son resultado de interferencias do castelán. Tal cousa significa apreciar qué *calidade* lingüística adquire a lingua minorizada en cada grupo e, sobor de todo o máis mozo, coa aplicación deste sistema de normalización bilingüística.

Cando falamos de *calidade* lingüística, referímonos a dúas cousas: por un lado, ó grao de bilingüidade (vg. Fito Rodríguez, 1995) e, por outro, a qué grao de aceptación teñen na poboación as novas formas lingüísticas promovidas polos medios de comunicación ou a escola. Unha comunidade que non admitira estas novas formas, que seguira aceptando barbarismos ou que continuara practicando os seus localismos de xeito sistemático, non suxeriría unha boa saúde sociolingüística. Evidentemente non acusamos de ningún xeito ás outras *falas* de posuír baixa calidade. Partimos da necesidade imperiosa de dispoñer dun estándar (ou diversos paraestándares) para chegar a unha normalización lingüística. Por iso, adoptalo, a pesar de que signifique sacrificar formas dialectais ben enxebres, constitúe un paso adiante nese proceso e, polo tanto, un sinal positivo. Así pois, falaremos ó longo desta comunicación de calidade lingüística sempre en relación ó grao de aceptación-rexeitamento dos modelos normativos, ó grao de conservación-abandono dos trazos tradicionais da fala da comarca, tanto ás interferencias como ás posibilidades normativas ou normativizables e ó coeficiente de adhesión ás formas que teñen analoxías en castelán, xa sexan estas normativas en catalán ou non.

3. A mostra² está formada por 350 individuos repartidos en tres xeracións (avós, pais e fillos). Á súa vez, os fillos foron subdivididos en tres grupos: catalano-falantes escolarizados nunha *Línia* en catalán, é dicir, co ensino vehiculado maioritariamente nesa lingua, catalano-falantes con só a materia de catalán, e castelano-falantes en *Línia* en catalán. O estudio

¹ Non cremos que se poda limitar unha normalización *só* nestes dous aspectos, mais son os “factors visibles de socialització” (Lamuela, 1984: 68) e, polo tanto, son os medios centrais que poden vehicula-lo cambio.

² Os datos aquí empregados son froito dun proxecto de investigación núm. 154885 subvencionado pola Conselleria de Cultura, Educació i Ciència da Generalitat Valenciana e dirixido por Joan Ponsoda. Ademais, esta comunicación insírese en dito proxecto. Para máis datos mostrais e técnicos, *vid.* Segura i Llopes & Ponsoda Sanmartín (1997) e tamén Ponsoda Sanmartín (1996).

recolleu datos de tódalas comarcas meridionais valencianas do distrito universitario de Alacante. É necesario indicar que o grupo vehiculado maioritariamente en catalán só integra o 15% da poboación escolar valenciana, índice que hai que considerar para relativiza-los datos cuantitativos, que non os cualitativos, que son os que tentaremos analizar máis detidamente neste artigo.

Escolmáronse diversos fenómenos fonéticos, morfolóxicos e léxicos procurando que fosen representativos dos diversos modelos de lingua a que están sometidos os individuos desta comunidade. Por unha banda, era necesario ter presente trazos que caracterizaran a poboación local tradicional e que, por conseguinte, estiveran xeneralizados nas xeracións máis vellas, xa coincidiran coas prescricións normativas, xa fosen vulgarismos ou dialectalismos diferenciados respecto a esta. En segundo lugar, debiamos ter en conta as modificacións ou realizacións presuntamente debidas ó omnipresente modelo do español. Por último, consideramos todo aquilo que se puidese atribuír ós modelos normativos, tanto os procedentes de Cataluña, coma os que viñan dos modelos acollidos ó chamado paraestándar valenciano³.

Concretamente, investigamos ós seguintes trazos fonéticos, morfolóxicos e léxicos: realización do son da *v* coma labiodental ou coma bilabial; desaparición do *d* intervocálico; abertura o mantemento dos grupos iniciais *em-*, *es-*, *en-*, *eix-*; modificacións do timbre da vocal *-a* final; realización do grupo xeminado [l-l]; obertura extrema ou pechadura do *o* aberto do diptongo *-ou-*; desaparición ou mantemento do *-r* final; realización do son palatal [ʎ]; por último, aparición ou eliminación do semivocal *i* do grupo palatal sibilante *ix*. En canto á morfoloxía, estudiamos: estruturas pronominais átonas e tónicas, diversas desinencias verbais, o artigo masculino plural, a preposición de dirección e un adverbio de lugar. Do léxico seleccionamos sete entradas que se poden catalogar tamén nas categorías que definimos.

Quedan, pois, todas estas variables encasilladas con bastante exactitude en catro grupos: *a*) formas normativas do catalán que non forman parte de ningunha fala tradicional da nosa zona de estudo (+N, -T); *b*) formas tradicionais que coinciden coas normativas aceptadas na codificación do catalán (+N, +T); *c*) formas tradicionais non normativas, habitualmente vulgarismos, pronunciacións peculiares ou locais, ou calquera outra forma non aceptada pola norma, non relacionadas co castelán (-N, +T); *d*) formas que proveñen do


³ Non considerámo-lo modelo lingüístico proclamado por algunhas institucións do goberno valenciano –contrarias a calquera identificación, vinculación ou filiación da variedade lingüística valenciana respecto da catalana– por minoritarias e, polo momento, exentas de poder modificador nos aspectos formais da lingua catalana en Valencia.

castelán, adquiridas directamente, coma adaptacións ou coma interferencias (+C). Neste caso, tamén nos ten interesado distinguir tódalas formas que, sendo normativas e non barbarismos, teñen un paralelismo directo e casual co castelán, coincidan ou non coa fala local da nosa zona de estudio.

4. Despois de realizadas as entrevistas observamos, como era de prever, un cambio positivo na utilización do catalán para a extensión do coñecemento da normativa, polo menos nun rexistro máis ou menos formal.

Puidemos establecer unha gradación nos cinco grupos de individuos analizados: os vellos non presentan modificación ningunha do seu modelo de lingua; a xeración adulta amósase bastante similar á anterior; o grupo escolar en bloque presenta unha modificación relativamente significativa aínda que hai diferencias entre cada grupo segundo a lingua de vehiculación do seu ensino e a súa lingua habitual (vide máis abaixo). Vexámo-la seguinte táboa que amosa tódolos fenómenos susceptibles de ser analizados⁴ encadrados nas catro categorías que creamos anteriormente:

Gráfico 1



Loxicamente era de agardar que os que manteñen contacto máis continuado coa normativa, adquiriran algúns dos seus trazos e sexan capaces de empregalos nun nivel formal baixo, que é o que mantivemos nas entrevistas.

Os grupos de vellos e adultos non revelan ningún influxo normativo salientable; os poucos que se nos presentaron supoñen meras anécdotas sen valor significativo aínda que si,

polo menos, simbólico. De calquera xeito, estes feitos proban fundamentalmente que, nestes grupos xeracionais, os medios de comunicación non teñen o poder de modifica-la capacidade de realizar formas normativas innovadas nos seus lectos. A insignificancia numérica destes medios en catalán, xunto coa escasa cantidade de anos que levan vixentes e, posiblemente, as características dos propios individuos –basicamente, a súa idade e todo o que isto pode comportar– limitan a súa acción nos grupos aludidos.

Agora ben, os grupos de escolares, susceptibles de recibir esta influencia modificadora das súas realizacións, manifestan unha permeabilidade ós cambios non sempre relacionada coa adopción de formas normativas. Vexámo-las matizacións:

a) Observamos unha serie de trazos, coincidentes coa normativa, que acostuman a empregar-las xeracións adultas e vellas (XA) con relativa frecuencia; en concreto, acadan un grao do 68.1%⁵. Os escolares en bloque (XE) perden máis de 16 puntos (51.8%). Así pois, a pesar da escolarización, os trazos tradicionais que, a súa vez, son normativos sofren unha recesión considerable.

b) En cambio, nos trazos normativos non tradicionais pero que posúen o reforzo do sistema castelán, pola existencia de analoxías e paralelismos, e o da ortografía –tanto castelá coma, tamén a miúdo, a catalana–, observámo-lo seguinte resultado: mentres que ás XA só chegan o 33%, ás XE achégase o 70 (67.4%). Prodúcese un aumento moi significativo: os fenómenos normativos con paralelismos análogos existentes en castelán si que teñen éxito e se reintroducen con facilidade, en detrimento habitualmente das formas tamén normativas (a miúdo máis recomendadas polas gramáticas) que utilizan as XA. Así, por exemplo, en cuestións fonéticas descubrimos que a realización labiodental sonora *v*, habitual e xeral no sur do País Valenciano, experimenta unha recesión respecto á realización betacista *b*, xeral e antiga noutras zonas catalano-falantes e, polo tanto, admisible normativamente: a causa desta aceptación tan sobresaínte radica na realización sempre betacista que fai o castelán.

c) En terceiro lugar, consideramos aquelas características non normativas pero que non se trata de interferencias co castelán. Os resultados ofrécennos un descenso considerable destes trazos máis o menos vulgares nos escolares (XA acadan o 54.8% mentres que as XE descenden ata o 37%).

⁴ En concreto, gran parte dos fenómenos morfolóxicos e tódolos léxicos. A fonética require unha explicación específica.

⁵ É dicir, de tódalas comarcas estudadas, as que teñen variedades dialectais bastante diferenciadas, e de tódolos fenómenos susceptibles de encasillarse neste apartado, o 68.1% dos individuos das XA utiliza estas formas. Temos que puntualizar que varias destas formas poden encadrarse en categorías diferentes. Por iso, e por tratarse de medias sobor de porcentaxes, o total dos datos porcentuais de cada xeración non suma cento.

d) As innovacións normativas respecto á variedade tradicional son insignificantes en ás XA (3.6%)⁶. Os escolares en xeral semella que responden a favor do uso destas novas formas co 33%.

e) Por último, considerámo-los castelanismos non normativos caracterizados coma barbarismos inaceptables. Segundo estes resultados, semella que os escolares conseguen eliminar do seu modelo de lingua un grupo, non numeroso de máis, de trazos castelanizados, xa que pasamos de un 31.9% nas XA a unha mínima redución de varios puntos nas XE (24.6%).

Deste xeito, non se chega máis que a unha política lingüística escolar “semibilingüística” e, por suposto, hai que advertir sobor da precaria utilidade deste sistema na modificación de hábitos tanto puramente lingüísticos coma tamén seguramente actitudinais. Lembremos que non se potencian os trazos coloquiais que son normativos senón que, en cambio, se reducen sensiblemente. Pola contra, os trazos reforzados polo castelán, consolídanse cunha vitalidade moi importante. Iso si, redúcense os caracteres vulgares non normativos así coma os castelanismos en xeral, aínda que de xeito bastante débil⁷.

5. Será preciso, agora, observar qué diferencias se establecen entre os grupos de escolares vehiculados en castelán cos vehiculados, polo menos parcialmente, en catalán.

Poñendo en relación estes dous grupos, as diferencias son notables a favor do segundo respecto ó aumento de xenuinidade e normatividade e, en definitiva, de calidade lingüística. Observémo-la táboa coas mesmas categorías empregadas no punto anterior.

	Catalán + <i>Línia</i>	Catalán + non <i>Línia</i>	unha posible normalidade
+N +T -C	54.9%	49.6%	90%
+N -T +C	65.0%	57.7%	60%
-N +T -C	30.6%	51.0%	20%
+N -T -C	41.9%	15.9%	50%
-N -T +C	17.8%	29.9%	0%

A pesar de que as diferencias, como esperabamos, son destacables e positivas no aumento do *índice de calidade* no grupo da *Línia*, este non acada un nivel aceptable, o que poderíamos situar, por exemplo, arredor dos valores indicados na táboa. Trátase, pois, das mesmas tendencias que amosa o grupo escolar en bloque –nivélanse as diferencias dialectais e

⁶ Tanto que apenas o 4% acadado débese á existencia destas formas normativas na fala tradicional dalgunha localidade aillada e, polo tanto, non se pode afirmar que nas xeracións adultas estas formas sexan innovadas.

⁷ Lembremos que os resultados són válidos por comparación. Tentamos que a mostra lingüística sexa máis ou menos representativa dunha serie de fenómenos pero, lóxicamente, sería necesaria unha selección máis

redúcense as interferencias– pero acentuadas a favor da calidade lingüística, se ben xulgamos que non se acadan aínda niveis suficientes.



6. Vexamos agora a situación que se establece nos grupos de castelano-falantes con vehiculación do ensino parcialmente en catalán; así, poderíamos controlar cómo asimilan a nova lingua –os poucos que a asimilan xa que, certamente, unha integración da inmigración non é doadamente factible (Ferrando, 1988: 199). De calquera xeito, temos que lembra-la ínfima proporción deste grupo fronte á inmensa maioría de castelano-falantes que teñen un ensino vehiculado en castelán e a actitude positiva que temos que presumir polo mero feito de ter escollido este tipo de ensino de inmersión lingüística.

	Cat. + <i>Linia</i>	Cat. + non <i>Linia</i>	Cast. + <i>Linia</i>
+N +T –C	54.9%	49.6%	39.2%
+N –T +C	65.0%	57.7%	83.3%
–N +T –C	30.6%	51.0%	14.9%
+N –T –C	41.9%	15.9%	54.5%
–N –T +C	17.8%	29.9%	24.7%

Abonda dicir que o seu comportamento podía ser tamén bastante previsible. Favorecen en extremo os trazos normativos con semellanzas na súa lingua de orixen e tampouco lles custa acoller formas normativas aínda que sexan moi diferentes das súas. Ignoran os vulgarismos do catalán local, non poden evitar algún que outro uso castelanizado aínda, curiosamente, non tanto coma os propios catalán falantes non escolarizados nunha *Linia*. En calquera caso, soen introducir trazos castelanizantes en contextos onde un catalán falante non o faría, xa que os seus castelanismos se poden considerar coma lapsus ou consecuencias da súa competencia lingüística aínda en vías de adquisición, do que, ademais, soen ser conscientes; pola contra, no outro grupo, o uso do castelanismo non lles fai plantexarse a competencia na súa propia lingua.


7. Profundizando un pouco máis nas adquisicións normativas, detectamos que cada nivel lingüístico se ve afectado de xeito diferente pola tendencia normativizadora. Cál deles é máis facilmente susceptible de ser modificado, cál se resiste máis e ónde radican as causas destas preferencias, será o que agora desenvolveremos brevemente.

cuidadosa para valoralos absolutamente. De calquera xeito, cremos que os valores obtidos son indicadores bastante precisos e posúen un grao de confianza suficiente.



Semella que se pode establecer unha xerarquía de control bastante nítida nos diversos niveis lingüísticos. Dittmar (1983) observou tres tipos de regras de explicación dos fenómenos da lingua: as regulativas, as constitutivas e as instruccións, que supoñen tres escalóns diferentes de control. A medida que o individuo pode considerar máis abertamente o contexto, adquirirá máis liberdade para controlar os seus actos lingüísticos e, polo tanto, as súas regras de comportamento social, en definitiva, o control da súa competencia sociolingüística e comunicativa. O control dos aspectos fonéticos, onde o contexto ten pouca relación á hora da aplicación das regras, será o máis reducido e, polo tanto, o máis difícil de arranxar. Seguidamente, os aspectos morfolóxicos, moi relacionados cos fonéticos, pero onde

o contexto pode influír decisivamente para escolle-las formas, amosará un grao de posibilidade de corrección un pouco máis elevado. Por último, o nivel léxico, onde a contextualización é básica e, polo tanto, a selección de regras máis consciente e máis lenta, a introducción de vocabulario estraño preséntase menos refractaria (Butragueño, 1993)⁸.



Así pois, se anteriormente faciamos cuantificacións de maneira global, coa gradación agora establecida, poderemos facernos unha idea da insignificancia das (re)introduccións, nos aspectos fonéticos e morfolóxicos, que conxuntamente aumentan polo peso da recuperación normativa do léxico.

8. En conclusión, tentamos caracteriza-la precariedade dos cambios que se inician nunha lingua en contacto directo e en competencia con outra e gracias a unha política de normalización que, coma máximo, chega a ser bilingüística. Todo isto contextualizado na situación en que se atopa o catalán e o castelán no sur valenciano.

Se entendemos normalización lingüística coma a adquisición e consecución de equilibrio en tódolos sentidos de dúas linguas coexistentes –o que, certamente, é discutible–, a política bilingüística valenciana actual non semella que vaia por bo camiño a pesares de que afirme que parte deste principio. Non cremos que o castelán teña un peso tan elevado que condicione fatalmente calquera acción no uso e forma da lingua. Unha planificación lingüística adecuada podería compensar a diferenza. Se o tratamento educativo, por evita-lo conflito social, ten que ser, coma máximo, ecuánime e similar, o resultado non será nivelado

⁸ A pesar diso, esta tendencia non é xeral e absoluta: Montoya (1993: 101-102) observa nunha comarca do catalán occidental diferencias significativas. Creemos que esta discrepancia é importante e que é necesario estudialas máis profundamente.

xa que se tratamos igualmente unha situación estable e outra inestable, sairá perdendo a segunda.

Unha normalización baseada na territorialidade, ¿conseguiría contrarrestar estas deficiencias lingüísticas? Lembremos que este tipo de planificación lingüística, levado a cabo, con bastante eficacia, en Bélxica, Finlandia ou Canadá, céntrase non nos dereitos individuais senón nos colectivos; trataríase, pois, de crear zonas monolingües para que se puideran facer valer os dereitos lingüísticos de xeito que nas relacións públicas e institucionais a presenza do catalán estivera sempre garantida (Rodríguez, 1995: 114-115). A territorialidade evitaría a presión excesiva do castelán e equilibraría o bilingüismo e a calidade lingüística, conseguindo así o obxectivo político que explicitan as políticas bilingüísticas valencianas. Proba disto é que o sistema escolar que máis perto está do concepto de territorialidade, a *Linia*, fai adquirir unha calidade lingüística en catalán moi notable, aínda que non satisfactoria plenamente, e, por outra banda, formará unha competencia normativa ou calidade lingüística en castelán ben consolidada (Rodríguez, 1995), coma queda probado na poboación española bilingüe en xeral. Sería outro tema e outra comunicación a maneira en que se podería levar a cabo esta política lingüística de territorialidade.

Os grupos escolares catalano-falantes non vehiculados en catalán amosan –no caso que non a abandonen– unha especie de dilución da lingua propia no castelán e na dispersión de formas vulgarizantes que se convirten en locais e difiren así das tradicionais e das normativas. O grupo castelano-falante non adquire unha calidade lingüística suficiente, sobor de todo nos aspectos fonéticos. O grupo catalano-falante co ensino vehiculado maioritariamente en catalán mellora notablemente a súa calidade lingüística pero a súa tendencia, aínda que atenuada respecto ós vulgarismos, decae cara ó modelo castelán. A lingua minorizada tende a supeditarse e a despersonalizarse por influxo da outra (Brotons, 1993: 268).

Sería ideal mante-las peculiaridades dialectais sempre que estas fosen xenuínas e útiles para a lingua xeral. Que o profesorado ou os medios de comunicación as potenciaran ou, polo menos, que se fixera unha selección de trazos válidos que se puideran preservar, pero, evidentemente, non se poderían rexeitar innovacións. En cambio, non é esta a tendencia que observamos. O modelo de lingua que emprega a xeración vella coincide moito con parte do modelo normativo catalán. Isto inhibe a adopción de moitos trazos normativos porque o modelo empregado polos vellos adquiriu connotacións negativas (rural, pasado de moda, estrano ou incorrecto). Acéptanse con moita facilidade os trazos normativos cataláns coincidentes co castelán, ós que se lles adxudicou connotacións positivas, do que se deduce que o referente castelán é omnipresente e, polo tanto, a situación non é equilibrada.

A territorialidade podería paliar abondo este desequilibrio lingüístico. Non illaría ó individuo na súa lingua minorizada senón que faría acadar, precisamente, un bilingüismo equilibrado, tanto no uso e actitude cara á súa lingua, coma no grao de bilingüismo e na calidade lingüística.

A cuestión que aquí plantexamos, pois, non é acada-la normalización de ámbitos de uso da lingua minorizada, senón demostrar que a política que se leva a cabo non crea bilingües equilibrados tampouco nos aspectos puramente formais e estruturais do sistema da lingua minorizada: a calidade lingüística, sobor de todo a fonética, é deficiente e cremos que non está fóra de lugar reivindicala. A concepción dos procesos de glotofaxia tamén tería que incluír, polo tanto, o problema da dilución ou da supeditación dunha lingua á outra nos aspectos internos do propio sistema lingüístico.

Bibliografía

- Álvarez, R. (1988), “Caracterización e aspectos dinámicos dunha situación lingüística conflictiva: o caso galego”, in R. Alemany (ed.), *Els processos de normalització lingüística de l'Estat espanyol actual*, Alacant, Aj. de Benidorm/Univ. d'Alacant, 84-109.
- Brotons i Rico, V. (1933), “La interferència lingüística en els escolars petrerins”, en *Bitrir* 16, Tom II, Petrer, 257-71.
- Butragueño, P.M. (1993), “El control individual de las reglas sociolingüísticas”, *Revista Española de Lingüística* 23(2), 333-37.
- Dittman, N. (1983), “Descriptive and explanatory power of rules in sociolinguistics”, en B. Brain (ed.), *The sociogenesis of language and human conduct*, Nueva York & Londres, Plenum Press, 225-55.
- Ferrando, A. (1988), “Vint-i-cinc anys de conflicte lingüístic al País Valencià (1962-1987)”, en R. Alemany (ed.), *Els processos de normalització lingüística de l'Estat espanyol actual*, Alacant, Aj. de Benidorm/Univ. d'Alacant, 181-204.
- Jardón, M. (1993), *La “normalización lingüística”, una anomalía democrática. El caso gallego*, Madrid, Siglo Veintiuno de España Editores.
- Lamela, P. (1988), “Os tres rexurdimentos da lingua galega”, en R. Alemany (ed.), *Els processos de normalització lingüística de l'Estat espanyol actual*, Alacant, Aj. de Benidorm/Univ. d'Alacant, 63-82.
- Lamuela, X. (1984), “Fixació i funcionament de la gramàtica normativa”, *Problemàtica de la normativa del català. Actes de les Primeres Jornades d'estudi de la llengua normativa*, Barcelona, PAM, 65-90.
- Montoya i Abad, B. (1993), *Variabilitat i prestigi en el català de Valls i l'Alt Camp*, Valls, Institut d'Estudis Vallencs.
- Ponsoda Sanmartín, J. (1996), “Variació lingüística, norma i ensenyament de la llengua”, *Revista T.E* 16, Ed. Divisió de Ciències de l'Educació, Universitat de Barcelona.

- Rodríguez Bornaetxea, F. (1995), “La bilingüitat com a crítica a les polítiques de bilingüisme en la normalització lingüística”, *IV Jornades de Sociolingüística*, Alcoi.
- Segura i Llopes, C., J. Ponsoda (1997), “Una alternativa tripartida: la varietat tradicional, la varietat estàndard catalana o la varietat estàndard espanyola”, *Caplletra* 12 (en premsa).